


NÓS

A LITERATURA GALEGA

COLÓQUIO | Letras

ou mitos; tamén se fan recopilacións do material de transmisión oral, anque agora nun soporte paratextual máis idóneo para un receptor infantil; así mesmo, continúanse publicando novelas e contos infantís con fins primordialmente didácticos.

Nestas tendencias participan moitos dos autores xa citados e outros que sería inxusto non nomear, como Darío Xohán Cabana, Palmira G. Boullosa, X. Cobas Brenlla, Luís Iglesias de Souza, Anisia Miranda e Carlos G. Reigosa, por non facer a lista excesivamente longa.

En canto ás traduccións, hai que dicir que, hoxe por hoxe, representan unha importante porcentaxe sobre o total editado, pero na escolla de títulos, aínda se acusa unha inercia do afán descolonizador e non se traducen, en troques, obras clásicas da historia da literatura infantil mundial que viron traduccións a outras linguas e entretiveron e entreteñen a infancia de case tódolos países máis desenvolvidos.

Finalmente hai que dicir que, a pesar dos avances que vimos, a literatura infantil galega segue a ser unha literatura cuestionada. Cando xa estamos case no século XXI, aínda se bota en falta un corpus teórico elaborado con rigor e con criterios historiográficos e sistematizadores dende os que perfilala e caracterizala. Doutra banda, a historia e evolución desta modalidade literaria aínda é descoñecida polos profesores e persoas cultas do país, sendo como é, segundo se pode deducir do que comentamos máis arriba, unha realidade (non só comercial) que, pouco e pouco, vai adquirindo un certo relevo a nivel internacional.

Blanca-Ana Roig-Rechou

N O T A S

[1] Carmen Bravo Villasante, «Nuevas corrientes de la literatura infantil», *Ensayos de literatura infantil*, Murcia, Universidade de Murcia, 1989, p. 73-84.

[2] Anxo Tarrío, «Risco entre a descolonización e o demo», *De letras e de signos*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1987, p. 91-104.

[3] «Entrevista», *Papeles de literatura infantil* 12, setembro 1990, p. 4.

DO XORNALISMO EN LINGUA GALEGA

O idioma como constitutivo da comunicación, o idioma como identificador, o idioma como símbolo nacional, o idioma como material mórbido que ampliará as fórmulas de construcción da información... ¿Como se usa o idioma de Galicia no xornalismo? ¿Que representa o xornalismo en lingua galega, hoxe?

Nos anos setenta, coa dominante da inmediata transformación política que se debuxa a curto prazo, dérase o paso cualitativo nos Media de Galicia, nomeadamente no sector da prensa escrita, para o uso do galego en espacios de información xeral pois que ata a data o galego era empregado como lingua de colaboradores, como algo derivado da responsabilidade individual dun asinante e contra o concepto de que é constitutivo dos actos sociais de comunicación.

Este paso na práctica informativa deriva da entrada das organizacións políticas e culturais como fonte noticiosa, da realidade dos comunicados, das roldas de prensa con protagonistas non oficiais, desa figura colectiva do «abaixo asinado» e do respecto deontolóxico, por parte de quen elabora a información, verbo da lingua orixinaria na que recolle, articula e lle dá forma a feitos, ideas ou procesos. Deste xeito, singularmente na pri-

meira fase da transición política, chegaban aos Medios novas e novidosas temáticas en lingua galega e con elas, como praxe, a ampliación de fontes e de diferentes leis de escolla para a producción informativa e para a proximidade co mundo lector.

Porén, pasados os primeiros e inestabeis anos, os editores privados deciden case unanimemente definir posicións fronte do idioma e o seu uso reconducirase outra volta para espacios persoais, para colaboradores e máis articulistas, que na actualidade representan o 42 por cento do galego na prensa, e para páxinas culturais, nas que se refuxia máis do 82 por cento. As seccións de humor, a publicidade institucional e puntualmente, nalgunha cabeceira, a política autonómica completarían o cadro temático do xornalismo en lingua galega.

O exemplo doutras nacións que, como a catalana, fomentan dende as institucións e dende o 1976, en que comeza a saír o *Avui*, a edición de diarios e periódicos na língua nacional, moito tardou en contemplarse en Galicia. En novembro do 1993, aproveitando unha viaxe por centroeuropa, o presidente da Xunta falaba na necesidade de prensa ordinaria en idioma galego.

Agás once meses de experiencia do *Diario de Galicia* (Vigo, 1988/89), ou o periódico semanal *A Nosa Terra*, absolutamente monolingüe, na escrita xornalística o galego está nas revistas de pensamento e de cultura — *A Trabe de Ouro, Grial, Encrucillada*... —, nas académicas, nalgunha profesional como a do Colexio de Arquitectos ou *Análise Empresarial*, está por entre periódicos comarcais como *A Peneira* e por razóns instrumentais en boletíns corporativos que serven ás novas necesidades de uso do idioma, por exemplo entre o funcionariado da administración.

Na única estimación que se ten feito pública sobre «Os xornais e a lingua» (cf. Rico López, *Decenario A Nosa Terra*, 1987) e que cobre o periodo 1977-87 teríamos que para *La Voz de Galicia*, a cabeceira máis importante das da prensa diaria cunha difusión que rebasa os 100.000 exemplares, o galego pasa do 4,6 por cento ao 3,5. Pola contra, e sen que signifique automaticamente meirande galeguización de contidos, é *Faro de Vigo* o soporte no que máis aumenta o uso do galego, pasando do 1,7 ao 4,4 por cento. Outra puxa importante atoparémola en *El Correo Gallego*, de Santiago, que pasou do 3,2 ao 6,1. Tamén na prensa de forte raigame local o idioma se incrementa no periodo estudiado, pasando do 2,1 ao 4,8 en *El Progreso*, editado en Lugo, e do 3,8 ao 4,7 por cento en *La Región* de Ourense.

Sobrancea, nesta brevísima referencia numérica e a pesar da tendencia ascendente dos 90, a insignificante presencia nos medios escritos da lingua propia de Galicia, usada e coñecida pola práctica totalidade da audiencia, singularmente da de formación media que é o perfil-tipo do lector de xornais, e polo público xoven e urbano que é o obxectivo principal da prensa e o ámbito de avance, por exemplo, do voto nacionalista do BNG.

Pola contra, e a partir da creación dun sector público de comunicación coa Radio Autonómica e coa Televisión de Galicia, o idioma pasa a ser maioritario nos medios masivos, aínda que nun balance de urxencia, no 1989, aos catro anos do comezo das emisións, os membros do Comité de Empresa da RTVG, urxidos por traballadores do Medio, aproban por unanimidade, co gallo do Día das Letras Galegas, establecer un regulamento de uso do galego e a creación dunha comisión de formación permanente para que os profesionais, tolleitos de gravísimas deficiencias, acadasen o dominio oral e escrito do idioma tal e como a súa función lles esixe.

Naquel mesmo momento, en maio do 1989, o grupo de lingüistas do Clube Cultural Adiante, presentes, así mesmo, na revista *A Trabe de Ouro*, preocupouse do galego na TV coa edición dun documento titulado *Denuncia do galego televisivo* no que se demostra como o galego-estándar da tele se está a construír con base no español tanto polo cativo dominio dos diferentes niveis da lingua, nomeadamente do fonético-fonolóxico, dos profesionais televisivos, como polas pautas seguidas para a especialización do idioma en usos mediáticos que non é se non coa pauta do idioma-tipo mediático da TVE.

A maior abondamento, en setembro do mesmo ano 89, a profesora Camino Noia presenta as súas conclusións a un traballo de campo (Com-

postela, Encontro Internacional de Romanistas) que partía da hipótese de que a variedade lingüística da Televisión non é comunicativa porque para a audiencia, aínda que galegofalante, resúltalle allea, retardando a operación descodificadora e estrañando como outra unha lingua que, carregada de eivas e con pouca flexibilidade en boca de locutores e dobradores, non dá recoñecido como a propia.

O conflicto, as contradiccións, máis tamén a inevitabilidade de que tanto os Medios como a Lingua son constitutivos da sociedade, prantéxanos un *continuum* entre o desexo e máis a vontade, entre a decisión de retomar aquelo que nos identifica, a lingua, e o retorno á práctica da lingua nos medios de comunicación porque nos convén, e porque estamos en condición de facelo desde *standars* profisionais. Dende 1995 Galicia conta xa coa primeira promoción universitaria de periodistas e comunicólogos que se formaron na Universidade de Santiago de Compostela para o xornalismo en lingua galega.

O 6 de xaneiro de 1995 cumpríu un ano o primeiro diario, *O Correo Galego*, en lingua galega. O seu lugar de edición é a cidade de Santiago de Compostela. Tamén, e ao longo do 1994, *La Voz de Galicia*, a cabeceira que pertence ao grupo empresarial máis antigo e máis forte do sector dos *Media* no noso país, introduce cada día noticias estándar, en seccións estándar, en lingua galega.

Dous datos cualitativamente novedosos, que se concretan meses despois de termos concluído o texto «Do Xornalismo en Lingua Galega» e que, activando as referencias nel expostas e mais as tendencias europeas como a re-contextualización da producción simbólica, o lector poderá interpretar.

Diximos adoito que a mesma noticia non se le da mesma maneira en galego ca en castelán. Porque o idioma é parte dos actos de comunicación e porque non se poderá endexamais reducir a ferramenta instrumental, a pesares dos esforzos — por suposto desinteresados — de quen confunde a técnica coa práctica social. E a día de hoxe, con dúas experiencias como as devanditas na prensa ordinaria de Galicia, sentímonos na estrea dun tempo ao que lle cómpre ampliar a comprensión das cousas.

Margarita Ledo Andión

Compostela, 6 de xaneiro de 1995